



CONSELLO PARROQUIAL ALBA 01/06/16

ASISTENTES:

- Asociación de mulleres A Queimada
- Representantes do lugar de Pontecabras
- Representantes do lugar de Reiriz
- Representantes do lugar de Touceda
- Representantes do lugar de A Devesa
- Representantes do lugar de San Caetano

A concelleira delegada da parroquia Pilar Comesaña reúne cos membros do consello parroquial de Alba para presentar as vindeiras obras a realizar na parroquia, así como para recoller novas propostas. A xuntanza comenza coa seguinte orde do día:

- Locais electorais
- Obras
- Suxerencias e peticións

LOCAIS ELECTORAIS

O Concello de Pontevedra acaba de propoñer variacións nos colexios electorais para as vindeiras eleccións xerais do 26 de xuño para tratar de cumprir a normativa de accesibilidade, así como para prestar máis servizos. O cambio ven imposto pola Xunta Electoral Central.

Ata o de agora en Alba o colexio electoral era no Teleclub, que tiña importantes deficiencias de accesibilidade e, incluso, de servizos, polo que se propón crear dous colexios electorais: un no Centro Social da Devesa para os lugares de O Bispo, A Devesa, Lampreeira, e San Caetano; e outro no Centro Cultural de Reiriz, para os lugares de Guxilde, Pontecabras, Reiriz e Touceda.

OBRAS

1. Pontecabras-A Igrexa
2. A Devesa-Reiriz
3. Pontecabras-A Ferreira (Lérez)
4. Tellado lavadoiro A Devesa
5. Capela San Caetano

1.- Pontecabras – A igrexa

Anchar a pista que vai dende o lugar de Pontecabras ata a igrexa. Todos os veciños polos que pasa o camiño están de acordo. Hai un que está un pouco reticente e irá a concelleira a reunirse con él. A intención do Concello é que esté rematado este ano.

- Anchar
- Asfaltado
- Calmado de tráfico con reductores de velocidade

2.- A Devesa-Reiriz

Obra para executar a finais deste ano ou principio do seguinte

3.- Pontecabras-A Ferreira (Lérez)

Asfaltado e calmado de tráfico na pista dende Pontecabras ao lugar da Ferreira en Lérez. Está pendente ter unha reunión cun veciño para que ceda un pequeno terreo para poder anchar a pista.

4.- Tellado lavadoiro A Devesa

Está pendente a construción do tellado do lavadoiro debido á cesión por parte dun veciño dun pequeno terreo para poder acondicionar mellor dito lavadoiro.

5.- Capela San Caetano

Queríase facer un acceso por un lado da capela e retirar unhas pedras para un lado. O Arzobispado de Santiago só cede os terreos durante un período de 30 anos, polo que o Concello non pode asumir unha obra que non teña carácter definitivo. Ademáis un grupo de veciños presentou unha serie de documentación en contra de que se faga a obra.

SUXERENCIAS E PETICIÓNS

1.- O Consello parroquial quere que o Concello presione a Xunta de Galicia para que arranxe os problemas de seguridade no tramo de camiño de Santiago que pasa por San Caetano.

Pilar Comesaña informa que xa houbo unha xuntanza coas demáis cidades do camiño onde tamén se espuxo o tema e o Concello tamén enviou un informe á Xunta.

Os asistentes informan que na zona hai unha casa en ruínas que se vende e, se o prezo é razoable, podía mercala o Concello para poder facer un acceso peonil e un espazo público de descanso para os peregrinos. A concelleira informa que o primeiro trámite a realizar sería que o propietario ofrezca eses terreos por escrito ao Concello.

2.- Buscar cauce natural dun regato que hai detrás da igrexa e do local social de Alba.

Augas de Galicia xa aprobou o expediente polo que o Concello iniciará os trámites necesarios nos vindeiros días.

3.- A altura do n.º 1 do lugar de Pontecabras hai 1 cable solto do alumado público

4.- Bachear entrada a Reiriz na saída hacia A Hermida

5.- Arranxar pozo do lavadoiro antigo de Reiriz. O problema é que pasa por propiedades privadas e vaise falar con donos. Algúns xa dan permiso.

6.- Espello na zona da Cros, dirección Touceda, na N-550. Sería necesario permiso de Fomento

7.- Colocación sinal no lugar de Pontecabras “As Carballas”

8.- Lombos subida ao centro social de A Devesa